



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 52

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: [correo@boqueixon.dicoruna.es](mailto:correo@boqueixon.dicoruna.es)

WEB: [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

A piscina municipal ten a necesidade de contratar a un socorrista para a tempada de verán que estará contratado a través dunha subvención concedida a través da convocatoria do programa de socorrismo dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2014 pola Deputación da Coruña, cuxo código de expediente é 201499000000045.

O decreto 103/2005 de 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo, no artigo 29 apartado 1/ establece que todas as piscinas, deberán ter polo menos un socorrista, con titulación suficiente o cal permanecerá nas instalacións durante todo o tempo que estas se atopen abertas ao público.

O Decreto 104/2012, do 16 de marzo, fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia.

A Lei 17/2012 de 27 de decembro de presupostos xerais do estado para o ano 2013, no artigo 23 apartado 2/ establece que ó longo do ano 2013 non se procederá á contratación de persoal temporal..., salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxiran aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarias ou que afecten ó funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Consecuentemente, é imprescindible contratar outro socorrista para que permaneza nas instalacións da piscina municipal de Boqueixón durante os meses de verán entre o 21 de xuño ata o 31 de agosto de 2014 o cal xustifica a necesidade da contratación pois a piscina é, precisamente nesta época de verán cando debe permanecer aberta ao público todos os días. Considerando que a cobertura desta praza é unha necesidade urxente e inaprazable,

## **RESOLVO:**

### **APROBAR AS BASES PARA A PROVISIÓN EN RÉXIMEN LABORAL TEMPORAL DUNHA PRAZA DE SOCORRISTA ACUÁTICO**

#### **Primeira: OBXECTO DA CONVOCATORIA**

Ten por obxecto a contratación dunha persoa para desempeño das labours de socorrismo, primeiros auxilios, prevención de accidentes en espazos acuáticos, e rescate de accidentados para a piscina municipal. A modalidade contractual será a dun contrato baixo a modalidade de obra ou servizo a tempo completo.

#### **Segunda: DURACIÓN DO CONTRATO**

A duración do contrato será dende o 21 de xuño ó 31 de agosto de 2014, non prorrogable. A xornada laboral é completa, axustando ás necesidades do servizo.

### **Terceira: ADMISIÓN DE SELECCIÓN**

Para a admisión dos aspirantes será necesario cumprir os seguintes requisitos xerais:

- 1 Ser español (copia do NIF)
- 2 Ter cumprido os 16 anos
- 3 Estar desempregado e inscrito na Oficina Pública de Emprego.
- 4 Non padecer enfermidade ou defecto físico que inhabiliten para o desempeño normal das funcións que son obxecto do presente contrato
- 5 Non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidade Locais, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de postos de traballo nas Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa.
- 6 Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Ley 53/1994 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
- 7 Estar en posesión do CARNÉ DA XUNTA DE GALICIA que habilita como socorrista en instalación acuáticas e espazos acuáticos naturais (os/as aspirantes deberán acreditar con fotocopia compulsada este punto no momento de facer a solicitude de admisión no proceso selectivo)

**Cuarta:** O Concello de Boqueixón procederá á publicación do anuncio de contratación na páxina Web do Concello de Boqueixón [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com), con data do 2 de xuño de 2014.

**Os candidatos disporán de 5 días hábiles, contados a partir do mesmo día da publicación na citada páxina, para a presentación de solicitudes no rexistro xeral sito na casa do Concello, en horario de 9 a 14 horas. O PRAZO REMATA O DÍA 6 DE XUÑO DE 2014 ÁS 14:00 HORAS.**

Non serán admitidas aquelas solicitudes que non se fagan no rexistro xeral do Concello de Boqueixón. Para dúbidas os/as aspirantes poderán chamar ó 981513061

### **Quinta: COMISIÓN SELECCIONADORA.**

A comisión seleccionadora:

Presidente: Ricardo Romero Pérez - Técnico auxiliar deportes do Concello de Boqueixón. Suplente: Ana Anta Fernández, Traballadora Social do Concello de Boqueixón

Secretaria: Elena Suárez Rodríguez, Secretaria-Interventora do Concello de Boqueixón.

Suplente: Juan Manuel Corral Sánchez, Administrativo do Concello de Boqueixón.

Vogais:

1 María Victoria Negrín Blanco - Técnico de formación ocupacional do Concello de Boqueixón. Suplente: Adela Lamela Arteaga, administrativo do Concello de Boqueixón

2 Rosario Iglesias Iglesias, Psicóloga do Concello de Boqueixón. Suplente: Rosario Canabal Vázquez, Administrativa do Concello de Boqueixón.

3 Anselmo Caeiro Villar Administrativo do Concello de Boqueixón. Suplente: Juan Freiria Brey, Técnico de Urbanismo do Concello de Boqueixón.

A comisión reunirase para a realización da baremación do curriculum vitae e da entrevista de selección, e determinará os candidatos seleccionados (quedando o candidato/a de maior puntuación como titular e o resto coma suplentes) e propondrá o Sr. Alcalde a súa contratación.

As actuacións da Comisión seleccionadora serán recurribles conforme o establecemento na Lei 30/1992 do Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común.

#### **Sexta: SELECCIÓN DOS CANDIDATOS/AS**

Baremo para a valoración de méritos é o seguinte:

1) Cursos, seminarios e xornadas relacionados co posto ofertado, a puntuación non poderá superar os 2 puntos)

- Cursos de máis de 100 horas: 1 punto.
- Curso de 40 horas a 99 horas: 0,75 puntos.
- Cursos de 8 horas a 39 horas: 0,50 puntos.

2) Curso de galego ou validación (a puntuación non poderá superar 1 punto): só se computará o de nivel máis alto.

Celga 4: 1 punto

Celga 3: 0,75 punto

Celga 2: 0,50 puntos

Celga 1: 0,25 puntos

3) A experiencia laboral computarase ata un máximo de 7 puntos:

- Traballos prestados como socorrista acuático na administración pública ou en empresa privada: por cada mes traballado 1 punto.

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citada Comisión, que terá a facultades de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente ós acordos adoptados.

#### ***-Proba escrita: máximo 20 puntos***

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test de 20 preguntas relacionadas co posto ofertado. Este exercicio terá carácter obrigatoria e é eliminatorio. A puntuación máxima será de 20 puntos e a mínima para superar a proba é de 10 puntos. Cada pregunta correcta puntuará 1 punto.

#### **Sétima: acreditación de méritos.**

Os méritos comprendidos no apartado 1, 2 da base anterior acreditaranse mediante copia compulsada dos títulos correspondentes.

Os méritos do apartado 3 da base da base sexta, acreditaranse con contrato de traballo ou certificado de empresa acreditando o período traballado e certificado de vida laboral

expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Asemesmo, terá que presentarse copias compulsadas de toda a documentación acreditativa.

#### **OITAVA. DATAS DA REALIZACIÓN DAS PROBAS**

**Baremación curricular:** a Comisión reunirase ás 9:00 horas do día 12 de xuño de 2014  
**Proba escrita:** realizarase ás 10:30 horas do día 12 de xuño no Salón de Plenos do Concello de Boqueixón a proba tipo Test a todos/as os/as aspirantes.

**NOVENA.** Rematada a selección a Comisión seleccionadora publicará no taboleiro o nome do/a participante titular do posto seleccionado/a coa súa puntuación, e o nome dos candidatos/as suplentes que terá vixencia mentres se manteñan as circunstancias que deron lugar a esta convocatoria.

#### **DÉCIMA. Proposta de contratación**

Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta da Comisión de Selección será elevada ó alcalde para que formule a contratación da persoa que obteña a mellor puntuación, en número que non supere a das prazas obxecto da convocatoria.

O/A candidato/a seleccionado/a presentarán copia do NIF, cartilla da Seguridade Social e Tarxeta de Demandante de Emprego.

A formalización do contrato realizarase conforme o previsto na lexislación vixente.

#### **UNDÉCIMA. Incidencias.**

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente ós acordos adoptados.

Dado en Boqueixón o 30 de maio de 2014, polo alcalde don Jesús Sanjuás Mera.



# INSTANCIA

## DATOS PERSOAIS

|                       |                                     |               |                |
|-----------------------|-------------------------------------|---------------|----------------|
| PRIMEIRO<br>APELIDO   | SEGUNDO<br>APELIDO                  | NOME          | NIF/DNI        |
| TELÉFONO(E-<br>MAIL): | ENDEREZO: RUA OU PRAZA E<br>NÚMERO: |               | CÓDIGO POSTAL: |
| CONCELLO              | PROVINCIA                           | NACIONALIDADE |                |

## CONVOCATORIA

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |                      |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| POSTO DE TRABAJO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | SISTEMAS ACCESO:     |
| <b>SOCORRISTA ACUÁTICO</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   | CONVOCATORIA PÚBLICA |
| MINUSVALÍA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   | TITULACIÓN           |
| <p>DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:</p> <p><input type="checkbox"/> COPIA DNI</p> <p><input type="checkbox"/> CARNÉ DA XUNTA DE GALICIA</p> <p><input type="checkbox"/> ACREDITACIÓN EXPERIENCIA LABORAL</p> <p><input type="checkbox"/> CURRICULUM VITAE</p> <p><input type="checkbox"/> ACREDITACIÓN FORMACIÓN</p> <p>-</p> <p>-</p> <p>-</p> <p>-</p> <p>-</p> <p>-</p> <p>-</p> |                      |

|                                  |                  |
|----------------------------------|------------------|
| En Boqueixón, o .....de.....2014 | Selo da Entidade |
| Sinatura                         |                  |